



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE HACIENDA
Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

SECRETARÍA DE ESTADO DE
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
SECRETARÍA XERAL DE COORDINACIÓN
AUTONÓMICA E LOCAL

DIRECCIÓN XERAL DE
COORDINACIÓN DE COMPETENCIAS
COAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS
E ENTIDADES LOCAIS

REAIS DECRETOS DE TRASPASO DE FUNCIONES E SERVIZOS ÁS COMUNIDADES AUTÓNOMAS TEXTOS ÍNTEGROS ACTUALIZADOS

Os traspasos de funcións e servizos son procesos complementarios para o pleno exercizo das competencias das que cada comunidade autónoma é titular por asumilas no seu correspondente estatuto de autonomía. Constitúen o instrumento polo que cada comunidade autónoma con competencias estatutarias nunha determinada materia asume as funcións que integran a devandita competencia e os medios materiais, persoais e económicos que a Administración Xeral do Estado viña destinando para o desenvolvemento daquelas funcións.

Son ademais o resultado da confluencia de dúas vontades, a estatal e a autonómica, de tal xeito que a súa iniciación, negociación e conclusión é o resultado do mutuo acordo.

O artigo 147.2 d) da Constitución establece que os estatutos de autonomía deben conter as competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución, e as bases para o traspaso dos servizos correspondentes a estas. E, polo tanto, nos estatutos de autonomía de cada comunidade autónoma onde se regulan os principios que deben de presidir o traspaso de funcións e servizos e prevese a creación dun órgano, a Comisión Mixta de Transferencias, encargada de tomar os acordos de traspaso de funcións e servizos, aprobados posteriormente por real decreto do Consello de Ministros.

Con este obxectivo as Comisións Mixtas de Transferencias entre a Administración Xeral do Estado e a comunidade autónoma respectiva, órganos de carácter paritario, cuxa organización, estrutura e funcións determinanse por acordo entre ambas as dúas partes, teñen encomendadas, con carácter xeral, a delimitación das funcións que forman parte das competencias autonómicas e a determinación dos servizos estatais: os medios persoais, materiais e financeiros que se corresponden con esas funcións e que terán que ser traspasados á comunidade autónoma, así como a determinación do momento da efectividade do traspaso.

Unha vez alcanzado o acordo de traspaso de funcións e servizos pola Comisión Mixta de Transferencias respectiva, despois dun proceso de negociación entre ambas as dúas administracións, elévase ao Consello de Ministros para a súa aprobación mediante real decreto e a súa posterior publicación oficial.

A información mostrase ordenada cronolóxicamente e por comunidades autónomas e permite consultar o texto de todos os reais decretos que aprobaron os acordos de traspasos de funcións e servizos sobre as diferentes materias e, no seu caso, dos medios asociados eles, ou ben formalizaron a ampliación destes medios con posterioridade aos traspasos iniciais.

Seleccione unha comunidade / cidade



País Vasco



Cataluña



Galicia



Andalucía



Principado
de Asturias



Cantabria



A Rioxa



Rexión
de Murcia



Comunidade
Valenciana



Aragón



Castela-A
Mancha



Canarias



Comunidade
Foral de
Navarra



Extremadura



Illas Baleares



Comunidade
de Madrid



Castela e León



Cidade de
Ceuta



Cidade
de Melilla

Madrid, 2012

Esta publicación foi elaborada pola Subdirección Xeral de Traspasos e Relacións Bilaterais coas Comunidades Autónomas

Catálogo xeral de publicacións Oficiais:
<http://publicacionesoficiales.boe.es>

Catálogo de publicacións da Secretaría Xeral Técnica do Facenda e Administracións Públicas:

<http://www.seap.minhap.gob.es/es/publicaciones.html>

Edita: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Secretaría Xeral Técnica

NIPO: 630-12-068-6